



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 40)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de decembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de decembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E POSTA EN VALOR DAS ÁREAS HORTÍCOLAS URBANAS DO PASEO DO RATO E DE PARADAI DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV:IV7GY2KLLFG4RWJD43Y4I3XAIM.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GY2KL3QO4RCB26DXFG5I74E.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7GY2KOLZJKVZB43UA5L3XEGQ.



Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV:
IV7GZSK2JJVPV7XN4IMSCZTTCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7G2GKYJB6YITNZAIGBEX3WN4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV:
IV7G2GJJZJPOKS6OBXVXOIIV74.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- O prazo de duración do contrato será de 24 meses , sen posibilidade de prórroga.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei;

considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 186.984,36 €. O orzamento base de licitación inclúe 32.451,83 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%, importe que se engade aos 154.532,53 € de base, segundo Informe de Intervención e recollido na seguinte táboa por anualidades:

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	RC
2021	1720.22799	95.839,16	RC: 220209/945
2022	1720.22799	91.145,20	RC: 220209/945
SUMA		186.984,36	

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2020, e para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación 1720.22799.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA AS ESPECIALIDADES DE



SEGURIDADE NO TRABALLO E VIXILANCIA DA SAÚDE, ASÍ COMO O NECESARIO APOIO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6722RYGFPIUROMBQFRNZKPFY.

Prego de prescricións técnicas con CSV:IV6722RONVZOV3F77TXAGFBTGE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67SKA6PHR54XZLA5VCO4KUF4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV6726I4ZNB5RVHS7TXSAMCGOE.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV6726TJZQVOQTXKCIMEGRCTIU.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV6724J3KE5MJ7ELMYDB5SCGA.

Acordo da Xunta de Goberno de data catorce de agosto de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no DOUE.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 28 de setembro de 2020, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
1.-CUALTIS, S.L.U.
2.-GEROSALUD

Visto que a documentación administrativa relativa ao sobre A presentada polas empresas, se axusta en todo o seu contido aos requisitos mínimos esixidos no prego de cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda a súa admisión ao procedemento.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobres “B”, resultando que ambas empresas concorrentes ao procedemento presentan as ofertas técnicas xunto co Anexo II, debidamente asinado.

A Mesa de Contratación acorda dar traslado ao servizo de Prevención das ofertas presentadas para proceder ao seu estudo e valoración.

O día 16 de outubro de 2020, reúnese novamente a Mesa de Contratación para dar conta do informe emitido polo servizo de Prevención, en relación ás ofertas técnicas presentadas para o procedemento de contratación amentado, establecendo a puntuación da valoración en base á calidade da proposta, de cómo esta se axusta aos pregos e ás necesidades específicas da Deputación, obtendo maior puntuación aquela que satisfaga mellor todas as especificacións e



ofreza un maior valor engadido, atendendo aos criterios establecidos no PCAP e que a continuación se detallan:

	CRITERIOS	Puntuación
	OFERTA TÉCNICA : Valorarase o mellor proxecto técnico que implique un servizo de mellor calidade para esta Deputación como tendo especial importancia os seguintes extremos da oferta:	Máximo 40 puntos
a	-A adaptación do proxecto ás necesidades e especificidades desta administración e a súa estrutura.	20
b	-A correcta organización dos medios persoais e materiais	10
c	-O adecuado establecemento de protocolos e cronogramas con carácter anual para a prestación do servizo.	10

As valoración das ofertas técnicas presentadas segundo o informe emitido polo servizo de Prevención con CSV: IV7GQLX7PIGTL5GNY5FX6P3HMY, son as seguintes.

VALORACIÓN CONTRATACIÓN SPA										
MELLORAS OFERTADAS POLOS LICITADORES										
EMPRESA	ADAPTACIÓN DO PROXECTO AS NECESIDADES E ESPECIFICIDADES DESTA ADMON. E A SÚA ESTRUCTURA					CORRECTA ORGANIZACIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS		ADECUADO ESTABLECIMENTO DE PROTOCOLOS E CRONOGRAMAS CON CARACTER ANUAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO		TOTAL
	CENTROS					RECURSO HUMANOS ASIGNADOS	EQUIPACION MATERIAL	PROTOCOLOS	CRONOGRAMA	
	COMUNICACIÓN INFORME MEDICO	CERTIFICACIONES NORMAS ISO (CRITERIOS DE CALIDADE)	NUMERO	ASISTENCIA A PRIMEIROS AUXILIOS E URXENCIAS	ASESORAMENTO MÉDICO					
CUALTIS	2	5	5	3	5	5	5	7,5	2,5	40
GEROSALUD S.L.	0,8	1	0	0	0	1	1	2,5	2,5	8,8

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre “C”, cos seguintes resultados, e que a continuación se fan constar:

Criterios de adjudicación:

1	OFERTA ECONÓMICA	Puntuación Máxima 60 puntos
	OFERTA ECONÓMICA PARTE TÉCNICA	Máximo 30 puntos
a	Obterá a máxima puntuación neste apartado a % de baixada máis alta para a totalidade da parte técnica técnica (Servizo de Prevención parte técnica e medidas de emerxencia e evacuación e Plans de autoprotección) e as restantes ofertas valoraranse de xeito directamente proporcional.	30
2	OFERTA ECONÓMICA VIXILANCIA DA SAÚDE:	Máximo 30 puntos
a	Vixilancia colectiva da saúde. Obterá a máxima puntuación neste apartado a % de baixada máis alta sobre o prezo unitario (20 euros/traballador +IVE), e as restantes ofertas valoraranse de xeito directamente proporcional.	10
b	Actuacións sanitarias individuais.Recoñecementos médicos. Obterá a máxima puntuación neste apartado a % de baixada máis alta sobre o prezo unitario (35 euros/traballador,IVE exento)e as restantes ofertas valoraranse de xeito directamente proporcional.	10
c	Actuacións sanitarias específicas, controis biolóxicos e estudos complementarios específicos. Obterá a máxima puntuación neste apartado a % de baixada máis alta para a totalidade dos prezos unitarios das probas específicas e as restantes ofertas valoraranse de xeito directamente proporcional.(Ver Pto 6.4 PPT)	10

Par a valoración das ofertas económicas nos distintos apartados expostos no cadro que antecede, aplicarse a seguinte fórmula aos efectos de determinar as puntuacións.

$$POE * \frac{(Oi)}{(Omax)}$$

Onde:

POE = puntuación máxima da oferta para ese apartado.

Oi = oferta presentada polo licitador i que se valora, para ese apartado

Omax = mellor oferta de todas as presentadas, para ese apartado.(% de redución)

Resultados da apertura do sobre “C”.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA PARTE TÉCNICA (Máx.30 puntos)	Vixilancia colectiva da saúde. (Máx.10 puntos)	Actuacións sanitarias individuais. Recoñecementos médicos. (Máx.10 puntos)	Actuacións sanitarias específicas, controis biolóxicos e estudos complementarios específicos. (Máx.10 puntos)
CUALTIS S.L.U.	25% (30 puntos)	25% (8,33 puntos)	5% (5,83 puntos)	25% (10 puntos)
GEROSALUD	20% (24 puntos)	30% (10 puntos)	8,57% (10 puntos)	10% (4 puntos)

Puntuación Total

LICITADORES	Puntuación Total
CUALTIS S.L.U.	94,16 puntos
GEROSALUD	56,8 puntos

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 26 de outubro de 2020,CSV: IV7GSOL5NYJ75342UZICINQH6E.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 10 de novembro de 2020.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Cualtis, S.L.U.o día17.11.2020 dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):



Achega copia do CIF da empresa e do DNI do representante, así coma escritura de constitución da empresa “Sociedad de Prevención Ibermutuamor, S.L.”, con número de protocolo 5.535, e inscrición no Rexistro Mercantil de Madrid .Posteriormente cambio de denominación social a “Cualtis S.L.U.” en escritura notarial con número de protocolo 1.785 e inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid no Tomo 22.116, folio 218 e folla M-394534.

Aporta a escritura de poder a favor de Julio César Blanco Nieto e consta na documentación o bastanteo do poder do representante emitido pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

O obxecto social da empresa é adecuado para a execución do obxecto do contrato.

Achega xustificante de pago do recibo do IAE relativa ao exercicio 2019 no epígrafe EPIG.:8439,” Otros servicios técnicos n.c.o.p.”, así como unha declaración responsable de non haber causada baixa.

Achega Certificación administrativa positivas ou de estar ao corrente expedidas pola Axencia Tributaria de data 15 de outubro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante e incorpórase certificación positiva expedida por este servizo. De data 23 nde novembro de 2020.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 11 de outubro de 2020.

Achega declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores 17 de novembro de 2020.

En canto a habilitación profesional necesaria, consta informe do servizo de Prevención en relación a o cumprimento deste extremo segundo o recollido na cláusula 5 do PPT.CSV: V7GY27DFQBP5KPD2JXHKNXDI4.

Achega resguardo acreditativo da garantía definitiva depositada na Tesourería da Deputación de Lugo por importe de 7.598,50 euros.

Solvencia económica e financeira:

Presenta as contas anuais dos exercicios 2016,2017 e 2018 onde se indica o volume de negocios excedendo en cada un deles o importe mínimo esixido de 134.850,00 euros. Que as contas anuais dos exercicios 2017 e 2018 constan aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional:

Aporta unha relación das principais servizos realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato realizadas nos exercicios 2017,2018 e 2019 excedendo en cada un deles do importe mínimo esixido de 62.930 euros. Aportan certificados de boa execución que acreditan o declarado.

Aporta declaración responsable de adscrición do persoal mínimo esixido segundo o recollido na cláusula 5 do PPT, así como os c.v. e titulacións do persoal relacionado a continuación:.

Técnicos Superiores en Seguridad en el Trabajo:

Dña. Ana Pollán Martínez.

Dña. Katia Prieto Incio

Técnicos Superiores en Higiene Industrial:

Dña. María Isabel Martín Lagares.

D. Eladio López Gil

Técnicos Superiores en Ergonomía y Psicosociología Aplicada:

D. César Sánchez Garrido.



Unidad Básica de Salud:

Médico del Trabajo: Dr. Julio César Montenegro Serrano.

Enfermero del Trabajo: D. Ignacio José Cacharrón Prieto.

Aporta declaración responsable dos recursos humanos que se destinarán para actividades formativas e de promoción da saúde, sendo os seguintes:

Personal destinado a acciones formativas:

Dña. Ana Pollán Martínez.

Dña. Katia Prieto Incio

Dña. María Isabel Martín Lagares.

D. Eladio López Gil

D. César Sánchez Garrido.

D. Ignacio José Cacharrón Prieto.

Personal destinado a promoción de la salud:

Médico del Trabajo: Dr. Julio César Montenegro Serrano.

Enfermero del Trabajo: D. Ignacio José Cacharrón Prieto.

Achega documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria, sendo éste Julio Cesar Blanco Nieto.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación do Servizo de prevención alleo para as especialidades de Seguridade no Traballo e Vixilancia da Saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada á empresa Cualtis, S.L.U., por un importe

máximo de 151.970 euros (IVE non incluído) máis 16.254 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (21% IVE), o que fai un total de 168.224 euros (dous anos),co seguinte detalle:

SERVIZOS		PREZO SEN IVE/ano	% desconto ofertado	TOTAL/ANO (IVE NON INCLUIDO)	TOTAL/ANO (IVE ENGADIDO)
Servizo de Prevención Parte Técnica		20.000 €	25%	15.000€	18.150€
Medidas de emerxencia e evacuación, Plans de autoprotección		20.000 €	25%	15.000€	18.150€
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	11.600 €	25%/p.u.	27.985 €	10.527€
	Recoñecemento médico (IVE EXENTO)	20.300 €	5%/p.u.		19.285€
Actuación sanitarias específicas (IVE EXENTO)		18.000 €	25%/ p.u.	18.000 €	18.000€
				75.985 €/año	84.112€/año

A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 14:01 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adxudicar a contratación do Servizo de prevención alleo para as especialidades de Seguridade no Traballo e Vixilancia da Saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada á empresa Cualtis, S.L.U., por un importe máximo de 151.970 euros (IVE non incluído) máis 16.254 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (21% IVE), o que fai un total de 168.224 euros (dous anos),co seguinte detalle:

SERVIZOS	PREZO SEN IVE/ano	% desconto ofertado/ Prezos unitarios resultantes aplicando o desconto	TOTAL/ANO (IVE NON INCLUIDO)	TOTAL/ANO (IVE ENGADIDO)
Servizo de Prevención Parte Técnica (Aboado contra facturas semestrais para os 23 centros de traballo iniciais. Ap.6.1 PPT)	20.000 €	25%	15.000€	18.150€
Medidas de emerxencia e evacuación, Plans de autoprotección (Aboado contra facturas semestrais para os 23 centros de traballo iniciais. A.p.6.2 PPT)	20.000 €	25%	15.000€	18.150€
Prezo Vixilancia da saúde (Prezos unitarios recollidos no Ap.6.3 PPT)	Vixilancia colectiva saúde	25%/p.u. Prezos unitarios resultantes: 15€/traballador*580	27.985 €	10.527€
	Recoñecemento médico (IVE EXENTO)	5%/p.u. Prezos unitarios resultantes: 33,25€/traballador*580		19.285€
Actuación sanitarias específicas (IVE EXENTO) (Prezos unitarios recollidos no Ap.6.4 PPT) **A RELACIÓN DE ACTUACIÓNS SANITARIAS NON É LIMITATIVA	18.000 €	25%/ p.u. Prezos unitarios resultantes: -Hepatitis A(IgG) soro:5,21 € -Hepatitis B (Anti Hbs): 4,46€ -Hepatitis C (IgG):4,46€ -Seroloxía de VIH:4,46€ -RX de tórax:30,00€ -Colinesterasa:2,96€ -Manganeso en sangue:9,71€ -Brucella:9,71€ -Valoración de vulnerables COVID19:18,75€ -Valoración de contactos estrechos COVID19: 18,75€ -Test PCR:131,25€ -Seroloxías:43,50 €	18.000 €	18.000€
			75.985 €/año	84.112€/año

A execución do obxecto do contrato realizarase con estrito cumprimento ao contido do PCAP, no PPT, e ao ofertado pola licitadora.

2º.-Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a euros, e financíase de acordo as seguintes anualidades:

Aplicación	Importe 2021	Importe 2022
2210.22799	84.112,00 €	84.112,00 €

Tendo previsto que o inicio do contrato sexa o día 01 de xaneiro de 2021,o procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2020, e para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICOS-



ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Orde de inicio do expediente de contratación de data 28 de agosto de 2018.

Informe xustificativo da non división en lotes do contrato de data 28 de agosto de 2018.

Informe da xustificación da necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia da contratación de data 28 de agosto de 2018.

Informe de desagregación de custes de 29 de agosto de 2018.

Solicitud de consignación orzamentaria de data 14 de novembro de 2018.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito de data 19 de novembro de 2018.

Memoria xustificativa de data 23 de novembro de 2018.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares de data 23 de novembro de 2018.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de novembro de 2018, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación o día 05 de decembro de 2018 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 09 de xaneiro do 2019 para a cualificación da documentación administrativa (sobre “A”), e apertura dos sobres relativos aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobre “B”). A apertura do sobre “B” finalmente adiouuse ata unha nova convocatoria de Mesa de Contratación por motivos informáticos no aplicativo que soporta o perfil do contratante deste Deputación.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17 de xaneiro do 2019 para dar conta da revisión en detalle da documentación administrativa (Sobres A) das empresas presentadas e a apertura dos sobres relativos aos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobres B).

Requeríuse por correo electrónico o día 11.02.2019 a subsanación da documentación administrativa por parte da UTE formada pola mercantil Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers, SL e Sertogal, SL.

O día 1 de marzo de 2019 celebrouse Mesa de Contratación para dar conta do informe emitido polo servizo de Contratación e Fomento en relación á subsanación da documentación presentada pola UTE formada polas mercantís Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers,SL e Sertogal,SL., dación de conta do informe de valoración de criterios subxectivos e apertura do sobre C relativo aos criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Con data 15 de abril de 2019, reuniuse novamente a Mesa de Contratación. Neste acto, deuse conta do informe emitido polo Xefe do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos e



polo Arquitecto técnico provincial, en relación á aceptación da xustificación da oferta anormalmente baixa presentada pola U.T.E. formada polas mercantís Calixto Escariz, S.L.U.; Bgim Civil Engineers, S.L. e Sertogal, S.L., para o que a Mesa de Contratación acordou aceptar a xustificación e polo tanto a oferta presentada pola U.T.E.

A continuación deuse conta das valoracións das ofertas presentadas para os criterios cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica (Sobre C) e valoración total, sendo a seguinte:

Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 PUNTOS	40,65 PUNTOS	60,65 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	8,70 PUNTOS	49,03PUNTOS	57,73 PUNTOS

(...)"

O Presidente informa aos integrantes da Mesa de Contratación que as valoracións dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes quedan supeditadas a unha segunda revisión en detalle polo servizo de contratación en coordinación co servizo xestor que impulsou o procedemento, e no suposto de detectarse algún erro darase conta á Mesa de Contratación nunha nova convocatoria.

O día 06 de maio de 2019, a Presidencia procedeu a requirir á U.T.E. integrada por Hijos de Valbuena y Ron, S.L.-Iurislocalia, SLP a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

A U.T.E. integrada por Hijos de Valbuena y Ron, S.L.-Iurislocalia, SLP., atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado (RXE do día 20 de maio de 2019) e posteriormente, e previo requerimento de subsanación da documentación á U.T.E. Hijos de Valbuena y Ron, S.L.-Iurislocalia, SLP, emendou correctamente as deficiencias da mesma o día 11 de xullo de 2019.

O día 19.08.2019 celebrouse unha nova mesa de Contratación para dar conta dun erro no informe de valoración dos “Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica”, sendo aprobado o informe rectificado na súa integridade e quedando as puntuacións definitivas segundo se sinala a continuación:

Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 PUNTOS	51,65 PUNTOS	71,65 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	8,70 PUNTOS	52,63PUNTOS	61,33 PUNTOS

Acordo de adxudicación de data 23 de agosto de 2019 aprobado en sesión ordinaria de Xunta de Goberno.CSV: IV6QYDSTFB6DIWHYYL6R4JKCAQ.

O día 14.10.2019 recibíuse do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, solicitude de expediente administrativo e informe no recurso número 258/2019.

En escrito, con rexistro telemático de 14 de outubro de 2019, comunícase a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o acordo, adoptado en Xunta de Goberno, en sesión do 23.08.2019, adxudicando as prestacións licitadas no procedemento con referencia EXP0029SE18-ABO, a favor da UTE integrada por Hijos de Valvueda y Ron, S.L. e Iurislocalia, S.L.P.

Posteriormente, o 18.10.2019 recibimos notificación da resolución da medida cautelar nº.159/2019 para o recurso número 258/2019 no que se nos traslada a vontade de manter a suspensión da tramitación deste procedemento de contratación,producida de forma automática como consecuencia do disposto no artigo 53 LCSP, de maneira que, segundo o establecido no artigo 56, se entenderá vixente en tanto non se dite resolución expresa acordando o seu levantamento.

Solicítase, polo Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia, tanto a remisión do expediente como a emisión de informe, xunto con outros particulares que consta no expediente.



En canto ao fondo do Recurso, céntrase na improcedencia da valoración das sentenzas, que si ben foron relacionadas pola adxudicataria na súa memoria, non se xuntaron á oferta presentada á plataforma de contratación del Estado como parte da documentación do “sobre C”.

No recurso arguméntase que as sentencias, aínda que son de acceso público para a Administración, non deben de ser valoradas por non constar na documentación aportada no sobre C.

O día 06.11.2019 esta Administración recibe a notificación da resolución ao recurso especial en materia de contratación número 258/2019 (xúntase a este informe como Anexo II), na que resolve:

“1.- Estimar o recurso interposto polas mercantís Calixto Escariz, S.L.U., Bigm Civil Engineers S.L. e Sertogal S.L., contra a resolución de adxudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, expediente EXP0029SE18-ABO.

2.-Levantar a suspensión acordada no seu día.

3.- Ao abeiro do art. 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.”

Informe do Servizo de Asesoría Xurídica de data 20.12.2019 sobre dita Resolución do TACGAL, no que se recolle que se coincide basicamente cos fundamentos xurídicos que contén a resolución do TACGAL.

Dase conta da Resolución do TACGAL e do informe do Servizo de Asesoría Xurídica á Xunta de Goberno celebrada o día 03.01.2020.

Mesa de Contratación celebrada o día 16.01.2020 na que se adoptan os seguintes acordos, CSV: IV6RG3SSJE7S7BB2DQN4CUDAKA:

“1.- Asumir como propio o informe emitido en execución da Resolución nº245/19 polo servizo de Contratación e Fomento nomeado “Informe de valoración dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes (sobre C) en cumprimento á resolución do TACGAL do recurso especial en materia de contratación número 258/2019 interposto pola licitadora, en compromiso de UTE, das mercantís Calixto Escariz, S.L.U., Bigm Civil Engineers S.L. e Sertogal S.L., contra a resolución de adxudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, expediente EXP0029SE18-ABO”, e polo tanto, admitir a nova valoración das ofertas.

2.- Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	8,70 PUNTOS	55,03PUNTOS	63,73 PUNTOS
2	HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 PUNTOS	40,65 PUNTOS	60,65 PUNTOS

3.- Requerir á Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers,S L e Sertogal, SL, (U.T.E.), para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refiren o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

4.-Visto o escrito presentado por Hijos de Valbuena y Ron, S.L, de data 07.01.2020, comunicar ó licitador que o Tribunal ditou unha decisión inmediatamente executiva, levantando de xeito expreso a suspensión sen que conste pronunciamento que afecte á eficacia da mesma.”

Escrito de alegacións presentado por D. Antonio Fernández Rodríguez, como legal representante de Valbuena y Ron S.L, e D. José María Simón Marco, en representación de Iurilocalia Consultores, S.L., e ambos como representantes da constituída UTE Hijos de Valbuena y Ron S.L – Iurislocalia, en relación a acta da Mesa de Contratación celebrada o día 16.01.2020.

Escrito presentado por Calixto Escariz, en relación ao escrito de alegacións presentado pola UTE Hijos de Valbuena y Ron S.L.-Iurislocalia.



Mesa de Contratación celebrada o día 31.01.2020 para dar conta do escrito de alegacións a acta da Mesa de Contratación celebrada o día 16.01.2020 presentado por D. Antonio Fernández Rodríguez, como legal representante de Valbuena y Ron S.L, e D. José María Simón Marco, en representación de Iurilocalia Consultores, S.L., a, e do escrito de alegacións presentado por Calixto Escariz, en relación ao escrito de alegacións presentado pola UTE Hijos de Valbuena y Ron S.L.- Iurislocalia, CSV: IV66SGCLJU5L3WVC64HRH4L7E4.

O día 27.02.2020 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, comunícanos o o emprazamento a interesados no recurso contencioso ante TSX-Galicia en relación co recurso contencioso administrativo que se tramita como procedemento ordinario núm. 0007026/2020 interposto porla UTE Hijos de Valbuena y Ron, S.L. - Iurislocalia, S.L.P, contra a resolución n.º 245/2019 ditada polo TACGAL no recurso especial n.º 258/2019.

Notifícase a Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers, SL e Sertogal,SL, (U.T.E.) o Decreto de requirimento o 11 de marzo de 2020, a través de correo electrónico autorizado pola U.T.E. a efectos de comunicacións e notificacións , e con acuse de recibo de dito correo o día 12.03.2020, sendo polo tanto o prazo de presentación da documentación de 10 días hábiles a contar dende o día 12.03.2020.

Suspensión dos prazos de tramitación dos procedementos de contratación en virtude da Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

Levantamento da suspensión en virtude de Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio.

O día 13.05.2020, Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers,SL e Sertogal,SL, (U.T.E.), presenta a documentación administrativa do art. 150. O día 02.06.2020 requíreselle a subsanación de parte da documentación , sendo esta emendada pola U.T.E. en tempo e forma.

A mesa de contratación, celebrada en data 11.06.2020, vista a documentación , considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta (Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil

Engineers, SL e Sertogal,SL, (U.T.E.), de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo, CSV: IV674WKMNYP64RB54ZE44ABOEU:

“1º.-Adxudicar a U.T.E. integrada por U.T.E. Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers,SL e Sertogal, SL, (U.T.E.) , a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, EXP0029SE18- ABO, por un importe de 159.840 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 33.566,40 euros, o que fai un total de 193.406,40 euros. O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

2ª.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3ª.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

4ª.-Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Con data 10 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, acordou adxudicar á U.T.E. integrada por U.T.E. Calixto Escariz, SLU; Bigm Civil Engineers, SL e Sertogal, SL, (U.T.E.), a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, EXP0029SE18-ABO, por un importe de 159.840 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 33.566,40 euros, o que fai un total de 193.406,40 euros. O contrato terá unha duración máxima de



vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

A UTE, Iurislocalia Consultores SLP e Hijos de Valbuena y Ron, S.L. ,interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución de adxudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, expediente EXP0029SE18-ABO.

Solicítase, polo Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia, tanto a remisión do expediente como a emisión de informe, xunto con outros particulares que consta no expediente.

O día 01.09.2020 o TACGAL notifícanos a resolución do recurso especial interposto pola UTE Iurislocalia Consultores SLP E Hijos de Valbuena y Ron, S.L. contra a resolución de adxudicación da contratación dun servizo para realización inventarios. Recurso nº 129/2020. Resolución nº 132/2020, e dita Resolución conclúe que:

“(…) Polo tanto, estimamos o recurso en relación ao dito neste fundamento, anulando o acordo de adxudicación e procedendo a retrotraer o expediente ao momento da valoración das ofertas dos licitadores suxeitas a criterios automáticos, debendo puntuarse as mesmas exclusivamente de conformidade coa documentación efectivamente presentada polos licitadores nos sobres C, e excluindo da valoración, en relación ao aquí explicado, a documentación da Unión Temporal de Empresas “Calixto Escariz, S.L., Bigm Civil Engineers, S.L. Y Sertogal, S.L., Unión Temporal de Empresas ley 18/1982” referida á Sentenza do Tribunal de Contas e a Sentenza 477/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid obxecto deste debate, nos termos expostos, e sen que, a maiores, se poida puntuar respecto do criterio referido a “Procesos contencioso-administrativo sen éxito ante os Tribunais superiores de xustiza (1punto)” sentenzas dos Xulgados do contencioso administrativo.”

En sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno o día once de setembro de dous mil vinte deuse conta: “Dación de conta da resolución 132/2020 do TACGAL relativa ó recurso especial en materia de contratación número 129/2020, relativo á licitación do servizo para a

realización de inventarios e informes técnicoeconómicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos”.

O día 29 de setembro de 2020 reúnese novamente a Mesa de Contratación para acordar a execución da Resolución nº129/2020 do TACGAL dando estrito cumprimento ao contido íntegro da Resolución do TACGAL, rectifícanse as puntuacións dos criterios cualitativos 2 mediante cifras ou porcentaxes, mantendo inalteradas o resto das puntuacións, tendo en conta que soamente poden ser obxecto de valoración, exclusivamente a documentación efectivamente presentada polos licitadores nos sobre C, sen que exista posibilidade de emenda da mesma, tal e como se reflicta nos propios argumentos da Resolución amentada. Neste senso, o informe de valoración do que se informa a Mesa de Contratación é o seguinte:

“Informe de valoración dos dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes (sobre C) en cumprimento á resolución do TACGAL número 129/2020 .”

Sobre C. Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Criterio nº 2: Número de procesos contencioso-administrativos ante o Tribunal Supremo , Tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo en materia de facenda local, nos que participara ou intervisse persoal adscrito a execución do contrato.

“Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os asuntos relativos a facenda local ou dereito tributario local nos que intervisse persoal adscrito a execución do contrato nos últimos cinco anos ante o Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo. Valorarase de 0 ata 15 puntos cos seguintes subcriterios:

1.- Procesos contencioso-administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).



Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso-administrativos con éxito ante o Tribunal Supremo.

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais.	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Non aporta sentenza	0 PUNTOS

2.- Procesos contencioso-administrativos con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (4 puntos).

Valorarase de 0 ata 4 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso-administrativos con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza .

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais.	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 2 sentencias. Según Resolución nº.129/2020 do TACGAL. "(...)non podemos validar que se tivera en conta unha sentenza de que non era un Tribunal superior de xustiza, senón do Tribunal de Contas (...) Por outra banda, se o prego establecía que "Deberá achegarse a declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que o acredite o manifestado mediante memoria que conteña: identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato", non podemos validar que, respecto da sentenza 477/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, se tivera en conta unha documentación que non mencionaba a concreta intervención de persoal adscrito á execución do contrato, pois nada, en definitiva, refería especificamente sobre quen fora o interviniente nese proceso xudicial, sen que, outra vez, o órgano nos mostre outra cousa ou unha tese ao respecto sobre isto.(...)"	0 PUNTOS

3.- Procesos contencioso-administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo (2 puntos).

Valorarase de 0 ata 2 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso-administrativos sen éxito ante o Tribunal Supremo.

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais.	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Non aporta sentencias.	0 PUNTOS

4.- Procesos contencioso-administrativos sen éxito ante Tribunais superiores de xustiza (1 punto).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso-administrativos sen éxito ante o Tribunais superiores de xustiza

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais.	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 6 sentencias. Según Resolución nº.129/2020 do TACGAL. "(...)O recurso alude a que "i) no aportan ningunha sentenza de TSJ desfavorable, si no que todas son de Juzgado (le han otorgado 1 punto cuando debiera de ser 0) (...) se o prego pedía para tal criterio Sentenzas de Tribunais Superiores de Xustiza, non cabe que se poida puntuar as que non son de tal órgano xurisdiccional. "	0 PUNTOS

5.- Procesos contencioso-administrativos con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (1 puntos).

Valorarase de 0 ata 1 puntos de forma directamente proporcional ao número de procesos contencioso-administrativos con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero non as resolucións administrativas ou xudiciais.	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Aporta 8 sentencias.	1 PUNTOS

Deberá achegarse a declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que o acredite o manifestado mediante memoria que conteña: identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores para o criterio 2, aplicando a Resolución nº129/2020 do TACGAL, son os seguintes:



Licitadores	PUNTUACIÓN TOTAL DO CRITERIO 2
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	0 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	1 PUNTOS

Criterio nº 3: Número de informes técnico-económicos similares ás prestacións ao obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con resultado de éxito ante os Tribunais.

“Cláusula décimo segunda do PCAP:

Só se valorarán os informes técnico-económicos relativos á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, con resultado de éxito ante o Tribunal Supremo , tribunais superiores de xustiza ou Xulgados do Contencioso Administrativo, elaborados nos últimos cinco anos, por persoal adscrito a execución do contrato. Valorarase de 0 ata 15 puntos.

Deberá achegarse declaración do Anexo IV-V, a incluír no sobre C. O contratista deberá presentar a documentación que acredite o manifestado, mediante memoria que conteña: copia dos informes, identificación do procedemento administrativo ou xudicial. A resolución administrativa ou xudicial e a xustificación da intervención de persoal adscrito á execución do contrato).

(...)”

1.- Número de informes técnico-económicos similares ás prestacións obxecto do contrato elaborados por algún do persoal adscritos a súa execución, con éxito ante o Tribunal Supremo (7 puntos).

Valorarase de 0 ata 7 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico-económicos similares as prestacións obxecto do contrato, que tivesen éxito ante o Tribunal Supremo.

2.- Número de informes técnico-económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Tribunais superiores de xustiza (5 puntos).

Valorarase de 0 ata 5 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico-económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Tribunais superiores de xustiza.

3.- Número de informes técnico-económicos similares as prestacións obxecto do contrato elaborados por persoal adscrito a súa execución con éxito ante Xulgados do Contencioso Administrativo (3 puntos).

Valorarase de 0 ata 3 puntos de forma directamente proporcional ao número de informes técnico-económicos similares ao obxecto do contrato con éxito ante o Xulgados do Contencioso Administrativo.

(...)"

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores para o criterio 3, son os seguintes :

Licitadores	Observacións	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	-Aporta a memoria, pero NON aporta os informes técnico-económicos.	0 Puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	-Non oferta nada neste apartado.	0 Puntos

Criterio nº 4: Horas presenciais de traballo ,sobre o mínimo de horas esixido no PPT,en apoio aos servizos correspondentes da Deputación, para a implantación efectiva da taxa polos Concellos.

(Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).



“Cláusula décimo segunda do PCAP:

O compromiso esténdese a toda a vixencia do contrato, e artículase como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. No Sexto mes antes da finalización do contrato, deberá acreditarse como mínimo a realización do 80% das horas ofertadas.

As horas efectivamente executadas controlaranse mediante informe da persoa responsable do contrato.

Esta oferta de horas é a maiores da bolsa de horas mínima esixida (349,06 horas para o total dos concellos. Ver cláusula décima do PPT).

Na oferta terá que indicarse o prezo/hora..Valorarase de 0 ata 7,5 puntos.

(...)

Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non se consumiran parte das horas ofertadas, dentro dun marxe máximo do 20% das horas ofertadas e estivera o contrato vixente, con ocasión de presentación da última factura ou da liquidación do contrato, descontarase do pagamento, ao adxudicatario, os importes das horas ofrecidas e non executadas, aplicando o valor prezo/hora indicado polo licitador na súa proposición.

(...)”

O resultado de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son as seguintes :

Licitadores	TOTAL HORAS TRABAJO	PUNTUACIÓN
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	100 horas (30 euros/hora)	7,5 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	87 horas (15 euros/hora)	6,53 PUNTOS

Criterio nº 5: Contratación dun maior número de persoas sobre o mínimo de persoas a adscribir para a execución do contrato (cláusula 17 do PCAP e 6 do PPT).

“Cláusula décimo segunda do PCAP:

Equipo Técnico mínimo adscrito á execución do contrato:

Un Graduado/Licenciado en Dereito.

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas.

Un Enxeñeiro Industrial.

Un Administrativo de apoio.

Criterio de valoración: Valorarase de 0 ata 2,5 puntos segundo o indicado a continuación.

Un Graduado/Licenciado en Dereito a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos.

Un Graduado/Licenciado en Ciencias Económicas a maiores do mínimo esixido: 0,75 puntos.

Un Enxeñeiro Industrial a maiores do mínimo esixido: 0,60 puntos.

Un Administrativo de apoio a maiores do mínimo esixido: 0,40 puntos.

(...)”

Os resultados de aplicar o PCAP ás proposicións presentadas polos licitadores, son os seguintes:



Licitadores	EQUIPO A ADSCRIBIR SOBRE O MÍNIMO	TOTAL PUNTUACIÓN
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP.	-1 Enxeñeiro Industrial. - 4 Licenciados en Dereito. - 1 Administrativo de apoio	1,75 puntos
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	-2 Enxeñeiros Industriais. - 1 Licenciado en Ciencias Económicas -2 Licenciado en Dereito. -1 Administrativo de apoio	2,5 puntos

Criterio Oferta económica.

“Cláusula décimo segunda do PCAP:

Valorarase de 0 ata 40 puntos. Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos. A oferta non poderá superar o prezo de licitación establecido na cláusula cuarta deste PCAP. O licitador que se atope neste suposto quedará automaticamente excluído do proceso de licitación.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

(...)

A fórmula atribúe puntos á oferta de forma inversamente proporcional, de maneira que as ofertas máis baixas reciban mellor puntuación que as propostas de prezos máis altos, o prezo máis baixo de todas as ofertas presentadas obterá unha puntuación de 40 puntos.

Non se admitirán ofertas por enriba do tipo de licitación.

(...)”

Resultado da apertura da oferta neste apartado:

Licitadores	PREZO (sen IVE)	PUNTUACIÓNS
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	203.631 euros	31,40 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	159.840 euros	40 PUNTOS

Puntuación total dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes e oferta económica.

Tendo en conta o antedito, as puntuacións definitivas quedarían como se indican a continuación:

Puntuacións sobre C.

Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE C
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	CRITERIO 2: 0 PUNTOS
	CRITERIO 3: 0 PUNTOS
	CRITERIO 4: 7,5 PUNTOS
	CRITERIO 5: 1,75 PUNTOS
	OFERTA ECONÓMICA: 31,40 PUNTOS
	PUNTUACIÓN TOTAL: 40,65 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	CRITERIO 2: 1 PUNTOS
	CRITERIO 3: 0 PUNTOS
	CRITERIO 4: 6,53 PUNTOS
	CRITERIO 5: 2,5 PUNTOS
	OFERTA ECONÓMICA: 40 PUNTOS
	PUNTUACIÓN TOTAL: 50,03 PUNTOS

Puntuacións totais. (sobre B+ sobre C).

Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.-IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 PUNTOS	40,65 PUNTOS	60,65 PUNTOS
CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTO GAL,SL, (U.T.E.)	8,70 PUNTOS	50,03PUNTOS	58,73 PUNTOS

Con data 19 de outubro do 2020, o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, aprobou por Resolución de Presidencia, CVS: IV7GSWC5ZA625VPM634XOLREAI:

“1.- Asumir como propio o informe emitido en execución da Resolución nº129/2020 polo servizo de Contratación e Fomento nomeado “Informe de valoración dos criterios cualitativos cuantificables mediante cifras ou porcentaxes (sobre C) en cumprimento á resolución do TACGAL do recurso especial en materia de contratación número 129/2020 interposto pola licitadora, en compromiso de UTE, Iurislocalia Consultores SLP e Hijos de Valbuena y Ron, S.L contra a



resolución de adjudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, expediente EXP0029SE18-ABO.”, e polo tanto, admitir a nova valoración das ofertas.

2.- Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDEN	Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1	HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L.- IURISLOCALIA, SLP. (U.T.E.)	20 PUNTOS	40,65 PUNTOS	60,65 PUNTOS
2	CALIXTO ESCARIZ,SLU; BIGM CIVIL ENGINEERS,SL e SERTOGAL,SL, (U.T.E.)	8,70 PUNTOS	50,03PUNTOS	58,73 PUNTOS

3.- Requerir á Urislocalia Consultores SLP e Hijos de Valbuena y ron, S.L (U.T.E.), para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación relativa ao artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do PCAP, tendo en conta o principio de conservación dos actos, e que polo tanto aquela documentación que houberse sido presentada con anterioridade a este acto,e resultando válida e non caduca, eximirá ao adjudicatario proposto da obriga de presentala novamente.”

Reunida a Mesa o día de hoxe, 13 de novembro de 2020, ós efectos de dar conta da documentación remitida pola U.T.E. Urislocalia Consultores SLP e Hijos de Valbuena y Ron, S.L como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a presenta a documentación requirida en tempo o día 04 de novembro de 2020, previo requirimento realizado o día 22.10.2020. mediante correo electrónico autorizado aos efectos de realizar as comunicacións e notificacións.

A continuación relaciónase a documentación aportada, tendo en conta o principio de conservación dos actos, e que polo tanto aquela documentación que houberse sido presentada con anterioridade resultando válida e non caduca con motivo da adjudicación aprobada en Xunta de Goberno de data 23.08.2019 da que resultou adjudicataria a U.T.E. Urislocalia Consultores SLP E Hijos de Valbuena y Ron, S.L, eximirá á UTE amentada da obriga de presentala novamente.

Resumen da documentación aportada por Hijos de Valbuena y Ron S.L.

Certificado de situación non censo de actividades económicas de data 19 de outubro de 2020.

Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, 28 de outubro de 2020.

Autorización consulta de débedas coa Deputación de Lugo, de data 03 de novembro de 2020.

Certificado da Excma. Deputación Provincial de Lugo conforme non se manteñen débedas tributarias co devandito Organismo de data 04 de novembro de 2020.

Certificado de estar ao corrente coa seguridade social de data 19 de Outubro de 2020.

Declaración de non estar a sociedade incurso en concurso de acredores de data 3 de novembro de 2020.

Xustificante de ingreso do 5% dá garantía definitiva sobre ou importe de adxudicación. En data 17 de maio de 2019, procedeuse a achegar xustificante de ingreso do 5% e a data actual permanece ingresado.

Documentación acreditativa da personalidade, capacidade do empresario e de representación:

[Dita documentación xa foi presentada e non caducou e segundo escrito presentado coa documentación achegada as circunstancias mantéñense.] páx.55 a 120 do expediente.

Escrituras de constitución da sociedade,

NIF da sociedade.

DNI de representante.

Documento fidedigno acreditativo da existencia de representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado pola Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Consta no certificado de rolece como administrador solidario Antonio Fernández Rodríguez.

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira:

Xustificante de existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais:

Póliza de seguros (Achegada no seu día).

Xustificante de pago de póliza de seguros de data 03/11/2020.Período do Recibo: 01.11.2020 a 01.11.2021.

Compromiso de renovación ou prórroga do seguro de RC de data 3 de novembro de 2020.



Declaración solvencia técnica e profesional. Relación de traballos.

Declaración de data 3 de novembro de 2020 dos servizos prestados durante o últimos tres anos e declara que o importe dos traballos relacionados, conxuntamente cos servizos prestados pola sociedade Iurislocalia, supera os 153.270,81 euros.

Certificados que acrediten os principais servizos prestados de igual ou similar natureza e documentación xustificativa. (Xa achegado no seu día).

Indicación de persoal técnico. (Xa achegado no seu día).

Títulos académicos dos responsables do contrato. (Xa achegado no seu día).

Currículos de responsables de contrato. (Xa achegado no seu día).

Resumen da documentación aportada por Iurislocalia Consultores S.L.P.

Declaración Responsable respecto a exención do pago do IAE de data 03.11.2020.

Certificado da Axencia Tributaria de alta no censo de actividades económicas, no epígrafe 841 - Servizos Jurídicos.

Certificación Administrativa expedido pola Axencia Tributaria de estar ao corrente nas obrigacións tributarias de data 27 de outubro de 2020.

Certificado da Excma. Deputación Provincial de Lugo conforme non se manteñen débedas tributarias co devandito Organismo de data 03 de novembro de 2020.

Certificado expedido pola Seguridade Social de estar ao corrente das obrigacións coa Seguridade Social, de data 27 de Outubro de 2020.

Declaración Responsable de non estar incursos en Concurso de Acredores de data 3 de novembro de 2020.

Xustificante de ingreso do 5% da garantía definitiva sobre o importe de adxudicación. En data 17 de maio de 2019, procedeuse a achegar xustificante de ingreso do 5% e a data actual permanece ingresado.

Documentación acreditativa da personalidade, capacidade do empresario e de representación: [Dita documentación xa foi presentada e non caducou e segundo escrito presentado xunto coa documentación achegada as circunstancias mantéñense.]

Fotocopia do CIF da empresa. (Xa achegado no seu día).

Fotocopia do DNI de José M^a Simón Marco. (Xa achegado no seu día).

Fotocopia do DNI de Mercedes Gonzalo Pascual. (Xa achegado no seu día).

Escritura de Constitución da Sociedade Mercantil. (Xa achegado no seu día).

Documento fidedigno acreditativo da existencia de representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado pola Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Lugo. (Xa achegado no seu día).

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira:

Volume anual de negocios acreditado por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Nas contas anuais do ano 2017 o importe neto da cifra de negocios é 290.899,49, páx.433 Achégase de novo as contas anuais do ano 2018 sendo o importe neto da cifra de negocios 263.113,03 euros.

Patrimonio Neto positivo segundo contas anuais: 114.236,44 euros (exercicio 2018) 96.543,32 euros(exercicio 2017).

Xustificante de existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais: Incorpórase informe da Mediadora de seguros de data 12.11.2020.

Póliza nº 01198839/00000000. Responsabilidade civil profesional.

Último recibo de renovación anual de data 17.08.20.

Compromiso de renovación de seguro de data 3 de Novembro de 2020.

Declaración solvencia técnica e profesional.

Relación de traballos. Memoria onde se relacionan os principais servizos e traballos efectuados dentro do últimos tres anos, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, referidos todos eles á confección de Informes técnico – xurídico - económico e Ordenanzas Fiscais para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gasodutos ou defensa letrada en procedementos onde se impugnaron os traballos realizados por esta empresa.

Achega unha declaración onde indica que o importe anual acumulado do ano 2018, é de 263.113,03€, con todo só achega certificados que acreditan 63.345,45€+IVE/IVE.

Títulos académicos e profesionais. [Dita documentación xa foi presentada o día 11 de xullo e non caducou.]

Detalle do Perfil profesional dos medios persoais. [Dita documentación xa foi presentada o día 11 de xullo e non caducou].

Documentación aportada UTE Iurislocalia- Hijos de Valbuena y Ron



Copia cotexada ante notario de C.I.F.

Documento que contén cadea de mando da UTE.

Bastanteo de poder do representante da UTE.

Copia cotexada ante notario de escritura autorizada de constitución da UTE.

Carta de pago da fianza.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a U.T.E. integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y ron, a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, por un importe de por un importe de 203.631 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 42.762,51euros, o que fai un total de 246.393,51euros.

O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 13:58 horas do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a U.T.E. integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron, a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, EXP0029SE18-ABO, por un importe de 203.631 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 42.762,51euros, o que fai un total de 246.393,51euros.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo de realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos, con estrita suxeición o PCAP e o PPT, e por un prazo de 4 anos, sen posibilidade de prórroga,establecéndose a obriga de executar ao longo dos primeiros 8 meses a realización do inventario das afeccións das liñas eléctricas aos bens municipais de dominio público e o estudio técnico-económico para a implantación da taxa e poñer a disposición de cada un dos concellos o resultado do contrato de servizos no que se refire ao seu municipio (cláusula 4ª, apartados 1 ao 5 do PPT) .A entrada en vigor do contrato será a partir do día seguinte á subscrición das actas de inicio da prestación do servizo, una vez formalizado o contrato.

3º.- As obrigas que se deriven da presente contratación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 20/9200.2270655, do orzamento de gastos do 2020, por unha cantidade máxima de 246.393,51 €.



4º.- Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais, aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP, as recollidas na cláusula 22.2 e 22.3 do PCAP.

5º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

6º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ORZAMENTO DEFINITIVO REMITIDO POLO DIRECTOR TÉCNICO DA OBRA DE EMERXENCIA DE CHANTADA.- RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DA LU-P-1804 “TOUZA (LU-P-1801) – BELESAR – PONTE DE SAN FIZ (LU-617), P.K. 6+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Vista a documentación técnica descriptiva remitida en data 01/12/2020, a través do expediente número 2020/XEN_01/002322, polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 28/08/2020 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, acordouse o seguinte:

“(…)

Declarar de emerxencia a execución da obra de CHANTADA.- Reconstrución de muro de sostemento da LU-P-1804 “Touza (LU-P-1801) – Belesar – Ponte de San Fiz (LU-617), P.K. 6+000, como consecuencia do colapso dun tramo do muro que sostén a estrada provincial LU-P-1804, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 138.932,68€ euros, IVE incluído.

De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Fevisa Vías y Obras SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 138.932,68€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada



O artigo 120 da LCSP, no apartado d) establece o seguinte: “Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: “En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos”.

Pola dirección técnica con data 01/12/2020, trasládase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descriptiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por “cuenta justificativa”, refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 28/08/2020, no apartado terceiro do acordo di que “As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizárase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado.”

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 109.790,97€, dos cales 19.054,63€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa

adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, CHANTADA.- Reconstrución de muro de sostemento da LU-P-1804 “Touza (LU-P-1801) – Belesar – Ponte de San Fiz (LU-617), P.K. 6+000, que ascende a cantidade de 109.790,97€, dos cales 19.054,63€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, Fevisa Vías y Obras SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de Accesibilidade e Parque do Hospital.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución dos fins común de



Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Monforte de Lemos con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/021059, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7G2QBSBQHYZVELCZXNAUBQMQ.

Borrador de convenio con CSV: IV7G2KCDBR7YVRHZU4VRBZZUKU.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7G2EL4ZYJNXWZS5UMHKFPXCE.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital, con un orzamento total de 3.374.741,07 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de

1.000.000,00 euros, dos que 33.943,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020 e 483.028,50€ con cargo á anualidade de 2021, e 483.028,50€ con cargo á anualidade de 2022.

O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación o 30 de novembro, non prevee crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021. Para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Compra dun local e acondicionamento” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Compra dun local e acondicionamento”, polo importe de 23.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 11.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:



Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de

riqueza, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a compra e o acondicionamento dun local por parte da entidade promotora, que lle vai permitir dispoñer dun inmovible en propiedade, cunha superficie e características adecuadas, no que poder organizar e desenvolver as actividades propias a prol do asociacionismo e a participación veciñal.

En resume, trátase de mellorar as condicións, os equipamentos e as infraestruturas das que dispoñen as entidades que promoven, asocian e aglutinan a entidades e persoas que teñen como fin, ou persegue, a participación da veciñanza e da sociedade en xeral, canalizada a través da figura do asociacionismo ou outras figuras colaborativas, e cuxas actuacións van ser xeradoras de riqueza para a provincia, no seu conxunto, riqueza entendida no seu concepto máis amplo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.000,00 €, a favor da entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento", subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobado o gasto de 23.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento".

3º.- Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente."



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo” nas anualidades 2020 e 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional a conceder á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, polo importe de 150.000,00€ (5.000,00 € para o ano 2020 e 145.000,00 € para o ano 2021), co aboamento anticipado do 50% sobre o importe outorgado para anualidade (2.500,00 € para o ano 2020 e 72.500,00 € para o ano 2021), con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a restauración de igrexas e templos que forman parte da Diocese de Lugo, como espazos nos que a poboación se reúne, participa e colabora en eventos relixiosos, festivos e de lecer, entre outros. Trátase de recuperar e restaurar inmobles nos que a veciñanza, especialmente nas zonas rurais, se reúne e participa, tendo como nexos a relixión, a fe, ou outros aspectos.

En resume, trátase de mellorar as condicións para que a sociedade (cidadanía) dispoña de lugares, inmobles ou outras infraestruturas, adecuadas, nas que se poidan desenvolver actuacións de carácter asociativo, colaborativo e participativo, e que van redundar en beneficios tanto para o territorio (provincia de Lugo), como para a súa veciñanza, xerando riqueza no seu sentido máis



amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais). Trátase ademais de fomentar a creación e o mantemento das organizacións que promoven, potencian e difunden a cooperación, a colaboración, o asociacionismo e a participación cidadá, nos asuntos que lles afectan como membros da sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000 € a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 150.000,00 €, que se desagrega en 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, e para a anualidade 2021 por importe de 145.000,00 €. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Aira, S. Coop. Galega.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 07/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E NºDE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Aira, S. Coop. Galega	19-5 23081	31/05/2019	22/10/2020	2020/3417	Subministración de penso no mes de maio do 2019, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002838	7.328,79 € (6.662,54 € + 666,25 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-11 7654	11/11/2020	11/11/2020	2020/3674	Subministración de penso no mes de outubro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/003074	9.250,75 € (8.409,77 € + 840,98 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL						16.579,54 €

Visto que consta:



As propias facturas con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia da Granxa Gayoso Castro, para cada unha das facturas (de data 05/11/2020 para a factura Nº 19-5 23081, e de data 16/11/2020 para a factura Nº 20-11 7654), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coas cantidades e os prezos, constandingo nas mesmas, a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 26/10/2020, polo representante de Aira, S. Coop. Galega, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 05/11/2020 para a factura Nº 19-5 23081, e de data 12/11/2020 para a factura Nº 20-11 7654), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 30/10/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 19/4120.22113, polo importe total da factura.

Informe do Director da Granxa Gayoso Castro, de data 05/11/2020, no que se dí o seguinte:

“Os subministros de penso ó que fai referencia a factura 19-5 23081 emitida por Aira, S. Coop. Galega, foron efectuados en datas 22/05/2019, 25/05/2019, e 27/05/2019, polo que non se poderían imputar ó contrato EXP00024SU17-ABO, que rematara o 03/05/2019.”

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 19/11/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación, e a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Resolución da Presidencia de data 02/12/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 26/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2019 e 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019 e 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Aira, S. Coop. Galega que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
19-5 23081 GTM 2020/FAC_01/002838	31/05/2019	7.328,79 € (6.662,54 + 666,25) IVE deducible.	Subministración de penso no mes de maio do 2019, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/7018
20-11 7654 GTM 2020/FAC_01/003074	11/11/2020	9.250,75 € (8.409,77 + 840,98) IVE deducible	Subministración de penso no mes de outubro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/7614
SUMA		16.579,54			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.



A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

En relación ós gastos que foron realizados no exercicio 2019, existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe de 16.579,54 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o informado polo Servizo de Contratación e Fomento, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao

recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 23 de novembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.



En relación coas facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
19-5 23081 GTM 2020/FAC_01/002838	31/05/2019	7.328,79 € (6.662,54 + 666,25) IVE deducible.	Subministración de penso no mes de maio do 2019, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/7018
20-11 7654 GTM 2020/FAC_01/003074	11/11/2020	9.250,75 € (8.409,77 + 840,98) IVE deducible	Subministración de penso no mes de outubro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/7614
SUMA		16.579,54			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 23 de novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

As subministracións eran absolutamente imprescindibles para garantir que os animais da Granxa Gayoso Castro tivesen unha correcta alimentación e así garantir a súa produción e crecemento e cumprir coas normas de benestar animal nas explotacións.

O período de realización da subministración foi nos meses de maio de 2019 e outubro de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 16.579,54 euros (IVE incluído).

Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a subministración, e os prezos aplicados son os habituais do mercado, e son os que figuran no contrato de subministro.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.



As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións, o carácter repetitivo das mesmas, e por superar as contías do contrato menor en cómputo anual, polo que as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de procedencia (polo importe total da factura N° 19-5 23081) segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento en vigor consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados nos

exercicios orzamentarios de 2019 (factura Nº 19-5 23081) e 2020 (factura Nº 20-11 7654), e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Aira, S. Coop. Galega	19-5 23081	31/05/2019	Subministración de penso no mes de maio do 2019, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	7.328,79 € (6.662,54 € + 666,25 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-11 7654	11/11/2020	Subministración de penso no mes de outubro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	9.250,75 € (8.409,77 € + 840,98 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL				16.579,54 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Aira, S. Coop. Galega, por un importe total de 16.579,54 €:

Nº 19-5 23081 de data 31/05/2019, correspondente á subministración de penso no mes de maio do 2019, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 7.328,79 €.

Nº 20-11 7654 de data 11/11/2020, correspondente á subministración de penso no mes de outubro do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 9.250,75 €.



2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Torres y Sáez Distribución, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 07/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Torres y Sáez Distribución, S.A.	S/3457	31/10/2018	09/09/2019	19.471	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2018, de materiais diversos. 2020/FAC_01/000579	162,96 €
TOTAL						162,96 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia do Parque Móbil, de data 18/09/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 30/11/2020, polo representante de Torres y Sáez Distribución, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa

incurra na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 16/04/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 05/05/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 18/9201.22111, polo importe total da factura.

Informe - Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 30/04/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 03/12/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 30/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:



O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Torres y Sáez Distribución, S.A. do Parque Móbil, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
S/3457 GTM 2020/FAC_01/000579	31/10/2018	162,96	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2018, de materiais diversos.	9201.22111	92020/2685
SUMA		162,96			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 162,96 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector

Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal



ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 5 de maio de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
TORRES Y SÁEZ DISTRIBUCIÓN, S.A.	S/3457	31/10/18	162,96	9201.22111
SUMA			162,96	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 5 de maio de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para materiais diversos para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que o subministro era urxente para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi outubro de 2018.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 162,96 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.



Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro do 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, á interpretación, modificación, suspensión e á súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo crédito dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Torres y Sáez Distribución, S.A.	S/3457	31/10/2018	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2018, de materiais diversos.	162,96 €
TOTAL				162,96 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Torres y Sáez Distribución, S.A.:

Nº S/3457 de data 31/10/2018, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2018, de materiais diversos, dun importe total de 162,96 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Comercial Rafael, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 07/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Comercial Rafael, S.L.	TT 57580	28/09/2018	10/10/2018	27.154	Mantemento dun camiión do Parque Móbil (cambio de aceite e filtros), realizado no mes de setembro do 2018. 2020/FAC_01/000605	175,33 €
TOTAL						175,33 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no rexistro xeral, e dilixencia do Parque Móbil, de data 19/10/2018, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, e conformada polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 10/10/2020, polo representante de Comercial Rafael, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa

seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 12/11/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Os seguintes informes emitidos dende o Parque Móbil:

Informe do Xefe do Parque Móbil, de data 02/11/2018, no que se dí:

“En relación ao seu escrito no que se solicita informe relativo á factura TT 57580 da empresa Comercial Rafael, S.L.; e tal e como se indicou no seu momento na memoria xustificativa, non existe saldo con M2 xenérico para reparación de vehículos en talleres, e dado que no taller deste Parque Móbil non existen os medios técnicos necesarios para realizar todos os mantementos e reparacións dos vehículos, ao que fai referencia a factura, (3734-HYY), foi necesario levalo ao taller oficial da marca. Asímesmo para poder circular co mencionado vehículo e realizar as tarefas propias deste Servizo, era estritamente necesario realizar os traballos de mantemento para o seu correcto funcionamento.”

Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 28/05/2020, no que se informa que os traballos realizados consistiron no mantemento habitual do camiión, cambio de aceites e filtros, e que se trata dunha subministración, dado que é maior o peso económico das pezas utilizadas que o da man de obra.

Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 28/05/2020, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.



Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 17/11/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 17/11/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 18/9201.214, polo importe total da factura.

Resolución da Presidencia de data 03/12/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 30/11/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Comercial Rafael, S.L. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
TT 57580 GTM 20/FAC01/605	28/09/2018	175,33	Mantemento dun camión do Parque Móbil, realizado no mes de setembro do 2018.	9201.214	92020/7966
SUMA		175,33			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 175,33 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o informado polo Servizo de Contratación e Fomento, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na



citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 18 de novembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
COMERCIAL RAFAEL, S.L.	TT 57580	28/09/18	175,33	9201.214
SUMA			175,33	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 18 de novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi setembro de 2018.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 175,33 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:



O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 18 de novembro de 2020 e o aboamento da factura anteriormente mencionada.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro do 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

